

DINÁMICAS PARA A COMPETENCIA SOCIAL OS BURROS



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Situar aos alumnos/as nunha situación de conflito.
- ★ Proporcionar unha experiencia para entender os tipos de afrontamiento aos conflitos

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ Agrúpase o alumnado por parellas, seguindo criterio de similar constitución física.
- ★ Cada parella colócase costas contra costas, con espazo entre as distintas parellas, e engánchase utilizando os seus cábados. Practícase varias veces ata que o fan con equilibrio e normalidade.
- ★ Colócase un caramelo en fronte de cada unha das persoas que forman unha parella, a unha distancia tal que teñan que moverse un pouco para chegar collelo.
- ★ Damos as instrucións: "Tedes que coller o voso caramelo. As parellas que se fagan dano quedarán eliminadas".
- ★ Cando as parellas que o tentan sen facerse dano conseguen o seu caramelo, dáselles a oportunidade aos demais de conseguilo tamén co que aprenderon vendo aos seus compañeiros/as.

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- ★ Que vos pareceu o xogo? Gustouvos? Tardastes moito en conseguilo? Algunha persoa mancouse?
- ★ Cal foi a clave para conseguir o voso obxectivo?
- ★ Algunha das parellas pensou que conseguira o seu obxectivo cando só unha persoa conseguiu o seu caramelo e a outra non?
- ★ Que estilo de comportamento foi o que máis éxito vos proporcionou?
- ★ Que aprendestes? Un conflito está resolto cando unha persoa sae coa súa sen ter en conta á outra?
- ★ ...

MATERIAIS

- ★ Caramelos